



Arrinca a parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo coa Xunta de Titulares

Terá lugar o próximo luns 11 de novembro, ás 11:00 horas, no Pazo de Quián

A parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo arrinca formalmente coa convocatoria da Xunta de Titulares da zona para que procedan a elixir os seus representantes e suplentes na Xunta Local de zona e do grupo auxiliar de traballo. Unha Xunta de Titulares á que están convocadas todas as persoas propietarias ou usuarias de terreos agrarios beneficiados pola parcelaria así como persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo devandito proceso. A reunión terá lugar no Pazo de Quián (Sergude) o luns 11 de novembro, ás 11:00 horas.

O proceso de reestruturación parcelaria prevé reorganizar unha superficie de 1.957 hectáreas divididas en 10.460 parcelas, propiedade de 1.195 veciños/as. Para levar a cabo este proceso, a Xunta investirá 5.871.000 euros, que mellorarán a estrutura territorial da zona e beneficiarán ás 136 explotacións agropecuarias existentes.



Presentación do proceso de parcelaria realizado no local social de Lamas

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña pon a disposición de todas as persoas beneficiadas pola parcelaria unha canle oficial de WhatsApp para poder seguir todos os avisos informativos sobre este proceso: <https://whatsapp.com/channel/0029Varb6916xCSYFdlCQf2t>. Uns avisos tamén dispoñibles a través de Internet, concretamente na web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/anuncios>.

Apoio do Concello

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, fai fincapé na importancia de que a veciñanza con propiedades afectadas pola parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo asista á reunión do vindeiro 11 de novembro e que teña ben recompilada toda a documentación referida ás súas propiedades. “Foron os veciños e veciñas quen solicitaron este proceso de concentración”, lembra Rodeiro Tanto, quen apunta que o proceso “foi apoiado

dende o primeiro momento polo Concello xa que suporá reorganizar mellor o territorio e mellorar as condicións técnicas e económicas das explotacións que hai na zona, co conseguinte beneficio para a veciñanza”.

O uso do solo forestal é maioritario na zona da parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo, onde o 97,82% está ocupada por terreos forestais, pastos arbustivos e terras arables. Nestes casos, a futura redistribución de cultivos permitirá un mellor aproveitamento dos predios de substitución, pensando máis na mellora dos accesos e na forma dos predios que nun cambio do propio cultivo.

Ademais, con esta reestruturación aproveitaranse os abandonos e matogueiras, que poderán integrarse na superficie agraria útil das explotacións. Isto repercutirá positivamente nos seus propietarios, que poderán aumentar a carga gandeira e o nivel competitivo das súas explotacións.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

04 nov / 10 nov	VIGO	Campo da festa
11 nov / 17 nov	LOUREDA	Campo da festa
18 nov / 24 nov	GASTRAR	Campo da festa
25 nov / 01 dec	BOQUEIXÓN	Campo da festa



Convocadas dúas novas saídas ao Balneario para maiores de 60 anos

O Concello organiza dúas saídas ao Balneario Compostela para maiores de 60 anos os venres 15 de novembro e 13 de decembro, con saída ás 10:15 horas da casa consistorial. Durante tres horas desfrutarán dun circuito termal. O prezo é de 15€ por circuíto (a aboar no balneario) e 8€ polo autobús (a pagar no Concello antes do 12 de novembro e 10 de decembro). Máis información e inscricións no Departamento de Servizos Sociais ou no teléfono 981 513 106.

A veciñanza poderá descargar o Bono Activa a partir do 4 de novembro

A Xunta de Galicia pone en marcha unha nova edición do Bono Activa Comercio para impulsar as vendas nos negocios locais. Cada veciño/a de Boqueixón poderá descargar un bono desconto de 30 euros para usar en establecementos adheridos á campaña.

Os bonos poderán descargarse a partir do 4 de novembro na web www.bonosactivacomercio.gal e as rebaixas serán de 5€ por compras entre 20 e 30€; 10€, entre 30 e 50€; e 15€ para máis de 50€.

A renovada EDAR de Pousada estará rematada este mes de novembro

O Concello de Boqueixón está a investir algo máis de 100.000 euros na mellora da estación depuradora de augas residuais de Pumariño (Pousada), que dá servizo ao polígono industrial de Camporrapado e á veciñanza da contorna. Unha actuación que entrará en servizo este mes de novembro e que permitirá aumentar a capacidade de depuración das instalacións actuais xa que poderá afrontar un volume de decantación de 33 m³.

As obras comezaron coa instalación dun novo decantador e continuaron coa colocación dunha nova reixa de desbaste automática. Dúas pezas que están deseñadas para manexar unha carga contaminante duns 600 habi-



Obras de instalación do novo decantador da depuradora de Pumariño

tantes equivalentes.

Despois instalouse unha válvula de corte para facilitar o baleirado de lodos no pozo de rexistro, reparouse o decantador secundario e substituíuse a bomba do sistema de recirculación de lodos entre o decantador secundario

e o reactor biolóxico. Ademais, mellorouse a nivelación da depuradora cunha nova soleira de formigón.

Hoxe en día, Boqueixón é dos poucos concellos rurais que garante o subministro de auga ao 100% das casas e servizo de depuración a todas as aldeas.

A Xunta axudará a mellorar o patrimonio cultural de Boqueixón

O alcalde Ovidio Rodeiro Tato mantivo unha reunión co conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, para analizar varios proxectos de mellora do patrimonio cultural no municipio.

Na reunión, o alcalde interesouse polo estado da tramitación do expediente de declaración



Reunión do alcalde co conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

do Pico Sacro como Ben de Interese Cultural e aproveitou para presentarlle ao conselleiro varios proxectos para unha mellor conservación da

ponte de Ledesma, así como outras iniciativas de acondicionamento e mellora de varios espazos culturais de titularidade municipal.

Rueda visita unha granxa de vacún en Gastrar

Destaca a aposta da Xunta pola modernización do campo galego e os estímulos para garantir que xente nova se incorpore á agricultura e gandería

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destaca a aposta do Goberno galego por fomentar a remuda xeracional no agro con novos instrumentos coma o banco de explotacións e novas liñas de axudas. “De nada serviría a modernización do campo galego nos últimos anos se non podemos garantir que a xente nova vai coller o testigo”, indicou na visita a Graña Camba SC, na aldea de Vilaboa (Gastrar).



Alejandro Graña, coa súa familia e autoridades na súa explotación en Vilaboa

Na súa visita á explotación gandeira, o presidente da Xunta estivo acompañado pola conselleira do Medio Rural, María José Gómez; o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro; os concelleiros Manuel Fernández Munín, José Manuel Iglesias Gómez, Ángela Conde Leis e José Luís Mareque Simón; entre outras autoridades, así como por familiares e veciñanza de Alejandro Graña, beneficiario dunha

subvención de Medio Rural para a creación de empresas para persoas agricultoras xóvenes,

Rueda salientou os “estímulos” que ofrece a Xunta coma unha nova orde de achegas para favorecer a sucesión neste tipo de negocios, dotada de 2,1 millóns de euros entre 2025 e 2029. Ademais, Galicia contará antes de que remate o ano cunha plataforma para poñer en contacto aos

titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que van cesar a súa actividade con persoas interesadas en asumir esta xestión.

Recoñecemento

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro salientou que “esta visita representa un recoñecemento a todos os gandeiros de Galicia e, especialmente, desta parroquia. Gastrar sempre foi unha parroquia pioneira no ámbi-

to da explotación gandeira e a produción de leite”. Así, tivo palabras de lembranza para “aquelas persoas que xa non están pero que tiveron unha traxectoria de esforzo, traballo e sacrificio para manter viva estas explotacións”.

O alcalde tamén puxo en valor a parcelaria de monte realizada en Boqueixón pois “facilitou a agrupación das terras e abriu novas vías para as explotacións”. Así, apuntou que “hoxe non hai nin unha leira sen traballar, non hai un metro cadrado de finca abandonado e iso fai que persoas xubiladas, como as que nos acompañan hoxe aquí, teñen as súas hectáreas de terreo alugadas. Non so non teñen que gastar en manter as súas leiras en bo estado, senón que reciben unha achega económica importante que complementa as súas pensións”.



Inicio das obras de mellora no polideportivo do Forte

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Obras, Manuel Fernández Munín, asistiron ao inicio das obras de mellora da eficiencia enerxética no pavillón do Forte. Suporán un investimento de case 60.000 euros, estarán rematadas antes de fin de ano e eliminarán as humidades do interior do polideportivo.



Nova rozadora para mantemento de estradas e espazos públicos

Boqueixón vén de incrementar o seu parque municipal de maquinaria coa incorporación dunha nova rozadora lateral, valorada en case 40.000 euros financiados a través do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta. Sumarase aos medios municipais para limpeza e mantemento de estradas e espazos públicos.

A AACC Mestre Manuel Gacio organiza unha palestra músico literaria en Codeso

O local social de Codeso acollerá o sábado 9 de novembro, ás 18:00 horas, unha palestra músico literaria organizada pola Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, en colaboración co Concello de Boqueixón, a Deputación Provincial da Coruña, a empresa Ramsa e a Xunta de Galicia.

Participarán como relatores Fernando Redondo, presidente da Fundación Xosé Neira Vilas, e Valentín García, secretario xeral da Lingua. A xornada contará coas actuacións musicais dos grupos Solleirada e Luceiro, canda o músico Manoele de Felisa, quen ofrecerá unha selección musical con poemas de Neira Vilas recollidos no libro-disco "Cantos de Lembranza".

O alcalde avanza na seguridade viaria e na mobilidade na N-525 en Lestedo

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, avanzaron na habilitación dunha rotonda que mellore a seguridade viaria na N-525 ao seu paso por Lestedo.

Acompañado de representantes do tecido social da localidade, Rodeiro interesouse polo estado desta glorieta, que permitiría reducir a velocidade do tráfico e garantir todos os movementos no cruce



Reunión de Ovidio Rodeiro co delegado do Goberno e o xefe de Estradas

coa C-1202, en especial cara Vedra e Pazos. Ademais, melloraría os accesos

ás aldeas de Milleirós e Vilar, así como cara o Pico Sacro.



Paso adiante no parque comarcal de bombeiros

Reunión de alcaldes para a posta en marcha do parque comarcal de bombeiros, emprazado na avenida da Coruña (Santiago). Ovidio Rodeiro pediu celeridade nun proxecto que mellorará a seguridade da veciñanza.



Lucía Pol Mera, campioa da Copa de España de Judo

Lucía Pol Mera, da Escola Judo Club de Boqueixón, vén de proclamarse campioa na Copa de España, disputada en Cantabria. Lucía Pol conseguiu a vitoria na categoría de menos de 63 quilos.



"Boqueixón en ruta" leva a máis de 40 persoas a Sevilla e Córdoba

Máis de 40 veciños e veciñas de Boqueixón participaron na penúltima viaxe do programa "Boqueixón en Ruta": catro días en Sevilla e Córdoba. A derradeira saída terá como destino as termas de Outariz e a vila de Allariz, o 6 de novembro. Inscricións en 981 513 115.

Novas accións informativas para promover a compostaxe doméstica

O Concello vai desenvolver varias accións informativas e formativas nos meses de novembro e decembro dentro da súa campaña de compostaxe doméstica, unha iniciativa que ten como obxectivo a redución da pegada ecolóxica dos veciños e veciñas a través dunha aposta pola valorización in situ dos residuos orgánicos que se xeran nos fogares, fomentando deste xeito a sostiabilidade ambiental e social no rural.

Así, o Concello vai realizar varias charlas informativas sobre compostaxe coas que resolver dúbidas que poidan ter os actuais e futuros usuarios do programa. Está prevista realizar reunións por parroquias e tamén visitas en entrevistas telefónicas as persoas usuarias dos composteiros, así como outras iniciativas de apoio como formación no colexio ou

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

CONTINUAMOS COA CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

COA TÚA PARTICIPACIÓN REDUCIMOS A PEGADA ECOLÓXICA DO CONCELLO

SE TES DÚBIDAS CONTACTA CON NÓS!

biorresiduos@concellosostible.gal 699 526 341

Financiado por la Unión Europea

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

XUNTA DE GALICIA

a instalación dun posto informativo na Feira de Lestedo. Unhas accións que serán anunciadas a través das principais canles de comunicación do Concello e tamén a través de chamadas telefónicas aos usuarios e usuarias xa

inscritos no programa de compostaxe.

En todo caso, a veciñanza que desexe sumarse a esta iniciativa pode poñerse en contacto a través do correo biorresiduos@concellosostible.gal ou no teléfono 699 526 341.

Charla de balde sobre Redes Sociais nos negocios

O Centro de Interpretación do Pico Sacro acollerá “Conecta cos teus clientes a través das Redes Sociais” o venres 15 de novembro, ás 20:00 h. Trátase dun obradoiro dixital no que se falará de como adaptar as Redes Sociais aos negocios locais. Inscricións no 981 513 061 e emprego@boqueixon.com.

Curso de monitor de tempo libre

Boqueixón e Vedra convocan o curso “Monitorado de actividades de tempo libre”, de 200 horas teóricas-prácticas (150 presenciais) e 150 horas prácticas. Terá lugar de forma intensiva no Nadal e no Entroido. Inscricións ata o 29 de novembro en www.boqueixon.gal e 981 513 115.



Máis de setenta alumnos e alumnas nos Cursos de Inglés

Gran acollida dos Cursos de Inglés promovidos polo Concello, nos que participan máis de setenta alumnos e alumnas. Tal é a afluencia que houbo que organizar ata oito grupos de diferentes niveis en Infantil, Primaria e Secundaria.



Escape room para conmemorar o Día das Bibliotecas

Alumnos e alumnas de 6º de Primaria e de 2º da ESO do CPI Antonio Orza Couto achegáronse á biblioteca municipal para participar nunha *escape room* con motivo do Día das Bibliotecas, que se conmemora cada 24 de outubro.



O Club de Maiores de Boqueixón abrirá o ciclo de teatro BocAberta

“Asuntos escuros”, da asociación Club de Maiores de Boqueixón, inaugurará o ciclo de teatro afeccionado BocAberta o domingo 10 de novembro, ás 17:30 horas, no auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado.

Completan o ciclo “A inmortal”, da Asociación

Cultural e Teatral Pedroso (Narón), o 17 de novembro; e “Quen o diría!”, da Asociación Cultural Charamela (Melide), o 24 de novembro.

Nos tres casos as funcións están recomendadas para todos os públicos e son de acceso libre e de balde.

O concurso de fotografía amplíase a paisaxes, eventos e festas

Ata o 15 de novembro está aberto o prazo para enviar propostas ao X Concurso de Fotografía “Boqueixón en imaxes”. Un certame que este ano presenta varias novidades nas súas bases. A primeira ten que ver coa temática, pois se admitirán fotografías de festas e eventos, ademais das xa tradicionais de paisaxes. En todo caso, todas as fotos deberán ser tomadas dentro do termo municipal de Boqueixón e resultar claramente identificables.

A segunda novidade ten que ver co formato. Ademais de manterse a obri-

ga de presentar imaxes horizontais (para poder ser publicadas no calendario do 2025), establécese un tamaño mínimo de 2000x1500 píxeles, cunha resolución de 250 píxeles por pulgada. Como en anos anteriores, non se admiten montaxes nin manipulacións (salvo as que sexan exclusivamente tratamentos da cor ou axustes relativos á calidade da imaxe).

Cada participante pode entregar ata 3 propostas a través da web www.boqueixon.gal. Os premios serán tres vales de compra de 200, 100 e 50 €.



Sergude celebra unhas festas parroquiais pasadas por auga

A choiva foi a protagonista non convidada das festas de Sergude, celebradas do 4 ao 6 de outubro. As misas na honra a San Breixo, San Miguel e á Virxe do Rosario desenvolvéronse sen problemas, cantadas polo coro parroquial. O trío Alborada, Luz do Ilicinio e a charanga Os Atrevidos puxeron a música.



Cheo nas V Xornadas Micolóxicas no local social de Vigo

O local social de Vigo acolleu a quinta edición das Xornadas Micolóxicas de Boqueixón, impartida por Miguel Ángel Tembra. As trinta persoas participantes recibiron unha charla de introdución ao mundo dos cogomelos e despois realizou unha saída micolóxica para apañar exemplares.

Abertas as inscricións na VI Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Terá lugar na Casa da Cultura de Camporrapado o sábado 9 de novembro, a partir das 17:00 horas

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 9 de novembro, de 17:00 a 19:00 horas, a VI Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración co Ministerio de Igualdade e ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A entrada é libre, se ben cumpre anotarse en: <https://acortar.link/WnNDXK>

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, dará a benvida ao público, acompañada pola música de Bea Rodríguez e Marina Vidal, da Asociación Banda Musical de Ponteledesma. A primeira charla servirá para



presentar o proxecto "Mulleres Valentes", de Rosa de Cabanas, unha mostra que busca divulgar a figura de mulleres activas en moitos ámbitos e descoñecidas para o público en xeral.

Despois, Cristina Carbajales, directora do CIM, presentará "A violencia machista nas mulleres maiores", ponencia a cargo de Nieves González Mujico, educadora familiar e psicóloga de Touro. María del Mar

Álvarez Baamonde, veciña de Arteixo, dará testemuño como sobrevivinte de violencia de xénero. Será presentada por Yolanda Neira, psicóloga do CIM. O alcalde Ovidio Rodeiro clausurará a xornada.

Na entrada estará exposta a mostra "Mulleres valentes, selección de 20 retratos", que despois se trasladará ao Concello, onde poderá visitarse ao longo do mes de novembro.

Andaina Histórica por Gastrar, Vigo e Loureda o 10 de novembro

O Concello de Boqueixón organiza a segunda edición da Andaina Histórica, un roteiro circular de 13 quilómetros por Gastrar, Vigo e Loureda con paradas naqueles lugares nos que aconteceron os feitos narrados no libro "Unha matanza esquecida", de Severino Fernández Abel. Precisamente o autor, veciño de Gastrar, será o encargado de facer os apuntamentos históricos durante esta ruta, que terá lugar o domingo 10 de novembro, de 9:30 a 13:30 horas. A participación é de balde, previa inscrición no Concello: 981 513 115.



Lestedo

Vén de feira

Rodiño

1º E 3º DOMINGO DE MES

2º DOMINGO DE MES



**PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES**



NOVOS POSTOS
Descubre unha maior e máis variada oferta



SABOREA BOQUEIXÓN
Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...



MERCA EN BOQUEIXÓN
Variedade, calidade e atención personalizada



DESCUBRE BOQUEIXÓN
Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...



Un dragón e un bruxo toman o Pico Sacro

O mítico dragón do Pico Sacro fixo unha "aparición" pública ao pé do propio monte Illicino. Pois foi aló, no aparcamento do mon-

te Illicino onde a compañía Queiman e Pousa presentou o seu espectáculo musical "Camiño Máxico no Pico Sacro" diante de centos de

persoas. Unha actuación apoiada pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, representada polo

secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o Concello de Boqueixón, representado polo alcalde e varios concelleiros/as.

AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

Mércores
6

Excursión ás Termas de Outariz e Allariz

Inscripcións no Concello ou chamando ao 981 513 115

Venres
8

Prevenção de riscos no uso de maquinaria agrícola

Casa da Cultura de Camporrapado. 11:30 horas. De balde. Inscripcións en 981 513 061 ou emprego@boqueixon.com

Sábado
9

VI Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:00 horas. Entrada libre. Inscripcións en www.boqueixon.gal

Sábado
9

Palestra músico-literaria

Local Social de Codeso. 18:00 h. Con Fernando Redondo e Valentín García. Música: Solleirada, Luceiro e Manoele de Felisa.

Domingo
10

Andaina Histórica

Gastrar-Vigo-Loureda-Gastrar. De 9:30 a 13:30 horas. Guiada polo escritor Severino Fernández Abel. Inscripcións no Concello: 981 513 115

Domingo
10

Ciclo BocAberta. Club de Maiores de Boqueixón: "Asuntos Escuros"

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:30 h. Entrada libre e de balde. Público adulto.

Viernes
15

Excursión ao balneario

Saída da Casa do Concello. 10:15 h. Inscripcións no Dpto de Servizos Sociais: 981 513 106.

Viernes
15

X Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón"

Fin de recepción de imaxes. Máis información e entrega de fotos: www.boqueixon.gal

Viernes
15

"Conecta cos teus clientes a través das Redes Sociais"

Centro de Interpretación do Pico Sacro. Ás 20:00 h. Inscripcións: 981 513 061 ou emprego@boqueixon.com

Domingo
17

Ciclo BocAberta. A.T. Pedroso: "A inmortal"

Casa da Cultura de Camporrapado. Ás 17:30 h. Entrada libre e de balde. Público adulto.

Domingo
24

Ciclo BocAberta. A.C. Charamela: "Quen o diría!"

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:30 h. Entrada libre e de balde. Público adulto.

Sábado
30

Curso de monitor de tempo libre

Fin de inscricións. Anotacións: 981 513 115 ou www.boqueixon.gal

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com